

## **COMUNICADO DE PRENSA**

O CARBALLIÑO 11/7/16

### **O PARTIDO POPULAR DO CARBALLIÑO DENUNCIA O ESTADO DE CRISE INTERNA E CAOS QUE PADECE O CONCELLO DO CARBALLIÑO.**

**Membros da policía local que se enteran de futuros expedientes informativos pola prensa, axentes de policía que seguen sen querer patrullar acompañados por auxiliares de policía ou altercados entre concelleiros e Persoal do Concello onde casi se chega ás mans, son exemplo evidentes de descontrol de Goberno Municipal e sempre co “denominador común” chamado Adolfo Nogueira.**

O Grupo Municipal do Partido Popular no Carballiño, denuncia púbricamente varias cuestións a cada cal máis grave e sobre a que se espera, se teña unha resposta por parte de quen proceda dende o Grupo de Goberno.

Sendo cada caso grave por si só, a acumulación deles, fai que en xeral se poida falar dun estado caótico do noso Concello.

A policía local, entérase por declaracións en prensa do concelleiro Adolfo Nogueira e non por comunicacións internas personalizadas por instructores nomeados a tal efecto, de que algún axente e o seu xefe de policía parece que serán expedientados informativamente, sendo esto un detonante máis que se ben a incorporar ao estado xa calamitoso do propio corpo de policía local.

Mais, a isto anterior, se debe de engadir que sigue existindo a data de hoxe, axentes de policía local que siguen negándose a cumprir as ordenens dadas pola súa xefatura para que as patrullas se compoñan dun policía local e un auxiliar de policía, curiosamente, incluso, se nega a elo, algún axente que fora proposto para xulgado de selección dos propios auxiliares de policía, e de todos isto é coñecedor “insitu” o propio Concelleiro Adolfo Nogueira.

Tampouco é un caso menor, o acontecido o xoves da semana pasada nas propias instalacións do Concello, onde un traballador, con relación de primer grado cunha concelleira do grupo socialista, increpou fortemente, aos Concelleiros do Grupo de Goberno, Erika Paz e Adolfo Nogueira tamén socialistas, sendo que a este derradeiro, se chegou a iniciar o que se podería considerar unha agresión física, e todo á vista de persoal do propio concello e no que tivo que intervir a propia policía local, sen que a data de hoxe se produxera denuncia ao respecto por parte destes Concelleiros, e especialmente por Adolfo Nogueira, que debería de facelo, pois non se pode, nin se debe de permitir actitudes de traballadores municipais con ese grado de agresividade, pois non é o mellor exemplo para o resto de traballadores.

Día tras día, estase a comprobar no Concello do Carballiño, que a algún Concelleiro, quédanlle moi grandes as súas competencias atribuídas no seu día polo Alcalde, polo que, non estaría de máis que o propio Alcalde tomase cartas no asunto, e readaptara as atribucións dadas a cada concelleiro, según as competencias, ou mellor dito, según as incompetencias, que algún deles ten demostrado no primeiro ano de goberno socialista.